



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa Convocatoria do día 5 de novembro, o próximo **26 de novembro**, luns en horario de **15:00 a 18:00 horas**, celebrarase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumno no Consello Escolar deste centro. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederase da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumno matriculado no Centro que figure no censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral, tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai ou titor legal.

2º.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) os modelos de papeletas e sobres de votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local de votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabética de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz un máximo de **dous nomes** das candidatas ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección do centro anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo luns, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais de Consello Escolar.

Ribadeo, 23 de novembro de 2018

A Directora do Centro

Asdo. Lourdes Marqués Espina

